

O proceso de abandono dos castros. “Continuidades” e “rupturas” entre a Idade do Ferro e a Alta Idade Media. Un estado da cuestión

The process of abandonment of the hill-forts. “Continuity” and “ruptures” between the Iron Age and the Late Middle Age.

BRAIS RODRÍGUEZ SÁNCHEZ
Departamento de Historia I

Recibido en outubro de 2011
Aceptado en abril de 2012

RESUMO

Neste traballo levaremos a cabo unha lectura historiográfica das diferentes aproximacións vertidas pola investigación arqueolóxica relativas á existencia de “continuidades” e “rupturas” ao longo do proceso de abandono dos castros. Por outra banda, pretendemos chamar a atención sobre a necesidade de revisar os termos de “continuidade e cambio”, de tal xeito que, ademais de superar o binomio de posturas formado por “rupturistas” e “continuidistas”, nos permita reflexionar sobre o peso e a presenza, trala integración do Noroeste no ámbito do Imperio, de realidades e tradicións locais anteriores.

Palabras chave

Continuidade, Cambio, Ruptura, Castro, Postcolonialismo, Hibridación, Idade do Ferro, Alta Idade Media.

ABSTRACT

In this paper we will undertake a historical reading of the different studies carried out by the archaeological investigation relating to the existence of “continuity” and “ruptures” throughout the process of the abandonment of the hill forts. On the other hand, we intend to call attention to the need to revise the terms “continuity” and “change”, in such a manner that, besides overcoming binomial postures integrated by the defenders of rupture and the defenders of continuity, it will allow us to reflect on the importance and the presence, after the integration of the Northwest in the area of the Empire, of reality and previous local traditions.

Key words

Continuity, Change, Rupture, Hill-Fort, Postcolonialism, Hybridization, Iron Age, Late Middle Age.

BINOMIO

“CONTINUIDADE” – “CAMBIO”.

En xeral, é doado constatar as importantes diferenzas entre as visións que os diversos autores defenderon para as situacións producidas ao longo do proceso de abandono dos castros, que en ocasións son totalmente contraditorias, incluso para unha mesma rexión ou área local, como ocorre por exemplo na zona da Terra de Lemos, entre as achegas de Ayán Vila (2005a, 2005b) e de Grande Rodríguez (2007, 2008, 2009).

Neste sentido, quizais poderíamos ubicar as distintas interpretacións defendidas para o amplo arco temporal que abrangue a Idade do Ferro e a Alta Idade Media en torno a un binomio de “ruptura” e “continuidade”, e como a idea de “cambio” foi asimilada unicamente ao primeiro, esquecendo que todo proceso histórico non é inmutable, senón dinámico, e polo tanto, a continuidade pode producirse, ou máis ben se produce, a través dos cambios (Sánchez Pardo, 2008a: 29 – 30).

En torno a primeira liña agrúpanse autores como Elías Carrocera Fernández (1996), Inés Sastre Prats (1999), Grande Rodríguez (2007, 2008, 2009), Antonio de la Peña Santos (1997) ou Francisco Calo Lourido (1993), que inciden dende posicións e con argumentacións as veces moi dispares nas rupturas que se producirían ao longo de todo este proceso. Non obstante, autores como César Parcerou Oubiña (2000, 2002, 2007), Xurxo Ayán Vila

(2005a, 2005b, 2007), García Quintela (2002, 2007), Ferreira de Almeida (1993), Pablo de la Cruz Díaz Martínez (1993) ou Tomás Rodríguez Fernández (1994a) subliñan tamén con moi distinta intensidade e matices, e sen esquecer os importantes cambios producidos durante o gran abano temporal que estamos estudando, as continuidades e permanencias tanto da ocupación da paisaxe como no plano cultural, político, social...

Desta forma, mentres que algúns investigadores falan dun proceso de rupturas profundas e rápidas coa chegada de Roma, ou dun período de inestabilidade tralo final do Imperio Romano, outros, non obstante, propoñen que a pesar das transformacións ocorridas, existirían continuidades ata a Alta Idade Media.

Como podemos imaxinar, os debates son moi intensos. Dende o noso punto de vista existe un erro no propio punto de partida xa que, como indicamos máis arriba, dende un primeiro momento o concepto de cambio asimilouse por algúns autores ao de ruptura, excluíndose do de continuidade.

A todo o anterior debemos engadir que moitas destas diferenzas na interpretación, proveñen duna serie de premisas asociadas á perspectiva histórica adoptada. Por un lado, a maioría de autores que defenden a idea de ruptura conceden un gran protagonismo ao papel xogado por Roma e aos intereses romanos nos cambios producidos durante este período, esquecendo ás comunidades locais da Idade do Ferro. En contraste con isto, os investigadores que defenden a existencia de continuidades dentro dos importantes cambios aos que asistimos neste momento, optan pola contra, por reclamar o papel das sociedades protohistóricas galaicas, ao marxe do rol de simples suxeitos pasivos.

En base ao debate existente, e unido a que este é un período “escuro” e de “transición” para o que non temos demasiadas fontes escritas, consideramos fundamental facer unha revisión das principais achegas que se teñen feito para, en base á súa crítica, definir exactamente que entendemos ou que deberíamos entender por “continuidade”.

A RUPTURA COMO AXIOMA

Antes de comezar co repaso das principais interpretacións que denominamos “rupturistas”, é necesario que formulemos algunhas ideas previas. Neste sentido, debemos puntualizar que as explicacións sobre este período histórico se atopan condicionadas por dous feitos fundamentais; a importancia da influencia en moitos dos autores da arqueoloxía funcionalista, e o desequilibrio existente na distribución espacial do rexistro arqueolóxico.

En canto ao primeiro deles, na década dos anos setenta a arqueoloxía galega, no seu afán por superar os excesos “celtistas” anteriores e abrazar un maior cientifismo, abandona as interpretacións paleoétnicas para explicar o pasado protohistórico do noroeste. Este afastamento dos elementos célticos, supuxo un refuxio nunha perspectiva moito máis empírica e positivista, e nunha metodoloxía descritiva e formal.

Este constrinximento no método arqueolóxico, e a negación do compoñente céltico producido dende a década dos anos setenta, derivaron na adopción dun novo termo para denominar ás comunidades que se desenvolveron no noroeste peninsular durante a Idade do Ferro: “*Cultura Castrexa*”. Coa creación deste novo concepto, que pretendía substituír as denominacións paleoétnicas previas, respondíase ao desexo herdado dos arqueólogos galeguistas de dotar a todo o ámbito “*castrexo*” dunha unidade cultural e “diferencial” do resto de España (Pereira Menaut, 19: 237-49). O problema foi que, como ben indican Delgado Borrajo e Grande Rodríguez, a preponderancia do castro no noroeste levou consigo o facer “tabula rasa” con respecto aos modos de vida, de poboamento e de organización social para todas as comunidades que vivían ou viviron dentro deles (Delgado Borrajo e Grande Rodríguez, 2009: 69).

Para entender por que moitos autores inciden sobre todo na existencia de rupturas e en expoñer o papel xogado pola presenza de Roma no noroeste, é necesario conxugar as dúas apreciacións anteriores.

O problema reside entón en que, a pesar de que como mencionamos anteriormente, o rexistro arqueolóxico non responde a una realidade uniforme, nin temporal nin espacialmente, se-

rán os restos materiais dos castros situados na zona litoral e prelitoral do norte de Portugal e das provincias de Pontevedra e A Coruña, que ademais responden a momentos de ocupación na fase galaico-romana, os que van ser utilizados para caracterizar á “*Cultura Castrexa*” do noroeste peninsular.

En base a que a maior parte dos restos arqueolóxicos, e ademais os máis característicos desta “*cultura*”, nos que se observa que os castros adquiren as súas maiores dimensións e a súa fisionomía “máis recoñecible”, aparecen asociados coa fase “indíxeno-romana”, algúns autores como Antonio de la Peña Santos, Calo Lourido ou Elías Carrocera Fernández, comezaron a adoptar un punto de vista que podemos denominar “*romanista*”, que privilexiaba as rupturas producidas trala integración do Noroeste no Imperio, que puña o énfase nos intereses romanos, e que defendía que o pleno desenvolvemento da “*Cultura Castrexa*” só foi posible na súa fase final, producida trala conquista polas tropas romanas. Estes investigadores tamén van propoñer a romanización do territorio, a reorganización augústea e as reformas flavias como data cómoda para abarcar o principio do fin da “*cultura dos castros*” do noroeste peninsular (Ayán Vila, 2005a, 2005b, 2007).

Ademais do enfoque “*romanista*”, moitos destes autores comparten unha visión un tanto peculiar das comunidades que habitaban o noroeste da Península durante a Idade do Ferro, xa que a diferenza das interpretacións realizadas para o resto da Europa Atlántica morna deste momento, propoñen un modelo de sociedade diferente, caracterizado polo seu pacifismo.

Para comezar, temos que fixarnos na obra de Francisco Calo Lourido, quen analizando a plástica castrexa, conclúe que se trataría dun exemplo de arte provincial e que, polo tanto, non existirían mostras anteriores ao goberno de Augusto (Calo Lourido, 1993: 137). Segundo este autor, sería a presenza de Roma o que marcaría o momento de esplendor da “*cultura dos castros*”, pois “*vemos como a cronoloxía do material plástico coincide coa fase álxida do Castrexo, baixo as influencias romanizadoras*” (Calo Lourido, 1993: 137). Por outra parte, e como mencionamos anteriormente, o

momento final da devandita “*cultura*” poderíase situar segundo el “*na segunda metade do s. I d.C., cando as reformas dos emperadores flavios fan que a Cultura Castrexa deixe de ser tal para se converter en Galaico-romana*” (Calo Lourido, 1993: 59).

Antonio de la Peña Santos é outro dos investigadores que defenden a idea de ruptura que implica a presenza de Roma. Este autor transmite unha visión dunha Idade do Ferro no Noroeste atrasada e arcaica, formada por comunidades de campesiños pacíficas, igualitarias e autárquicas (De la Peña Santos, 1997: 143-92). Nega a existencia dunha sociedade complexa e articulada en torno a institucións políticas que vaian máis aló do castro (De la Peña Santos, 1997: 157), e defende que sen Roma as sociedades indíxenas serían incapaces de crear unha organización racional do territorio (De la Peña Santos, 1996: 259). Non dubida en defender o papel determinante que exerce Roma e a existencia de profundos cambios, máis fortes canto máis ao Sur e á costa nos vaíamos (De la Peña Santos, 1996: 258). Un dato importante nesta argumentación é que o período “*castrexo-romano*” sería a “*etapa máis dinámica del desarrollo del mundo castreño*” (De la Peña Santos, 1996: 259). Un “*mundo*” que tería como data cómoda para sinalar o principio do seu fin nas reformas flavias: “*las reformas administrativas de época flavia parecen colaborar en la lenta pero sistemática desestructuración del mundo castrexo y su sustitución por la organización sociopolítica galaico-romana*” (De la Peña Santos, 1996: 259).

Pola súa parte, Elías Carrocera Fernández, quen desenvolveu a súa labor como investigador sobre todo en castros da zona occidental asturiana, de marcado carácter mineiro, cualifica o fin da cultura dos castros e o xurdimento da sociedade galaico-romana como un momento de esplendor e incluso de aumento da calidade de vida. Nesta mesma liña, afirma que coa presenza romana asistimos con toda seguridade a unha clara ruptura, que se produciría en base á aparición de importantes novidades como o xurdimento de considerables movementos de poboación, dun cambio no concepto de economía, de modificacións nos costumes e comportamentos, e dunha al-

teración no concepto de traballo (Carrocera Fernández, 1996: 209).

Dentro deste grupo “romanista”, que lembramos puña o énfase nos intereses e nas rupturas producidas trala conquista do noroeste por Roma figuran outros autores como Sánchez Palencia e Inés Sastre Prats.

Estes investigadores desenvolven os seus traballos en ámbitos de clara influencia mineiro-romana, como serían a zona do Bierzo, especialmente arredor da enorme explotación das Médulas (Sastre Prats, 1999), ou na área das cuncas medias do Sil e do Miño (Sánchez Palencia, 2009). Defenden que será xa desde un primeiro momento, é dicir, dende o inicio da conquista, baixo o mandato de Augusto, cando se realizan un conxunto de cambios fundamentais que tiveron como eixo a imposición do sistema tributario, e que supuxeron a rápida disolución das formacións sociais prerromanas e a súa integración nunha sociedade de clases.

Para as súas argumentacións, ademais de apoiarse no *Edicto do Bierzo* e na *Tabula Lougeiorum*, empregan a organización da estrutura territorial como piar da súa teoría. Mediante a análise exhaustiva da tipoloxía de asentamentos da zona do Bierzo, chegan á conclusión de que se produce un marcado e rápido cambio no sistema de hábitat protohistórico, xa que o novo modelo socioeconómico romano se concretaría na aparición de hábitats abertos de clara fundación romana (Sastre Prats, 1999: 347).

Para rematar con este apartado, é necesario, non só que nos centremos nos cambios introducidos pola presenza romana, senón que vaíamos un pouco mais alá, e analizar tamén ás interpretacións que se teñen feito para a etapa baixoimperial.

Dende un punto de vista que algúns autores denominaron “*xermanista*” (Gutiérrez González, 2008: 215-38), considerouse o século V como un momento de “escuridade” e “decaencia”, derivado da súa vinculación co final do Imperio Romano de Occidente, e pola súa coincidencia cronolóxica coa chegada das invasións xermánicas, entendidas ademais como causa principal de dito final. A isto debemos sumar que este é un momento “bisagra” entre dous períodos diferentes, a Antigüidade e

a Idade Media, para o que o volume de datos dispoñibles redúcese considerablemente.

Esta interpretación foi favorecida ademais pola aplicación dun modelo de crise económico-social xeneralizado para toda Europa, e incorporado de forma acrítica a todas as rexións do Imperio, pero cuxa aplicación ao noroeste estase poñendo en dúbida nos últimos anos (Sánchez Pardo, 2008: 403-4).

Esta visión rupturista e catastrofista apoiouse por un lado, nun rexistro arqueolóxico limitado a enterramentos e enxovais, interpretados como signos de presenza xermánica, caso das laudas de estola, que outorgaban un importante protagonismo aos novos dominadores xermánicos, e que subliñaban a diferenza respecto ao período precedente (Sánchez Pardo, 2008: 431, Díaz 2011). Polo outro, foi fundamental a visión pesimista e apocalíptica dos textos crónísticos desta etapa, un exemplo diso témolo no bispo Hidacio de Limia, cando nos explica segundo podemos ler en Díaz Martínez que: “*los bárbaros que son la espada, aparecen en su descripción asociados a la peste, el hambre y las fieras*” (Díaz Martínez, 1993: 210.).

Para o que a nós nos interesa, a aplicación destas teorías catastrofistas no ámbito xeográfico do Noroeste peninsular, levou a propagar a imaxe dun clima de inseguridade social que trouxo como consecuencia que os habitantes do noroeste volveran a fortificarse nos castros, os poboados dos seus antecesores (Carrocera Fernández, 1996: 211).

Non obstante, actualmente a maioría dos autores reconece o escaso impacto da presenza xermánica en *Gallaecia* (Ferreira de Almeida, 1993:191-200; Díaz Martínez, 1993: 226; Sánchez Pardo, 2008: 430-67, Díaz Martínez, 2011). Segundo estes estudos, teríamos que falar mellor dunha escasa influencia da presenza sueva en Galicia, tanto a nivel cuantitativo, pois os cálculos máis optimistas cifran en 30.000 individuos o continxente xermánico chegado a Galicia (Pallares Méndez, Portela Silva, 1981: 65; Díaz Martínez, 1993: 214), como cualitativo, ao adaptarse á organización sociopolítica baixoimperial que encontraron a súa chegada en territorio galaico (Sánchez Pardo, 2008: 431).

En síntese, podemos observar como existe toda unha serie de autores que resaltan as

rupturas producidas ao longo de todo o amplo proceso de abandono dos castros, tanto coa integración do Noroeste na órbita romana, como na xermánica, e que abarcarían todos os ámbitos: político, económico, cultural, social, e incluso o poboamento.

A CONTINUIDADE COMO PARADIGMA

Fronte aos “romanistas” e “xermanistas”, existe outro grupo de autores que defenden a idea de continuidade ao longo do período que estamos estudando.

Antes de comezar temos que facer unha puntualización importante, pois estes investigadores, a pesar de resaltar a existencia de continuidades, xamais negaron a presenza á súa vez de importantes e fundamentais cambios tras a conquista romana, ou despois da “caída” do Imperio Romano de Occidente. Pola contra, todos destacan que se ben existen continuidades, determinados cambios si serán importantes froito da inserción do noroeste na estrutura imperial. Estas transformacións poderán observarse a nivel da estrutura social, nas relacións económicas, políticas, e no propio poboamento. A isto debemos engadir que tamén reclaman o protagonismo das comunidades que habitaban o noroeste durante a Idade do Ferro ao longo de todo este proceso de “cambio” que vimos estudando.

En primeiro lugar, imos referirnos á obra de Tomás Rodríguez Fernández, un dos autores que máis claramente defende a existencia dunha relevante continuidade no modelo de ocupación do espazo, baseado principalmente en castros ata a Alta Idade Media (Rodríguez Fernández, 1994).

Este investigador, fundamenta a súas argumentacións de “continuidade”, na escasa romanización da área de Sarria-Samos, entendida, non en función da mera presenza de algunhas testemuñas arqueolóxicas (como a presenza de *sigillata* e/ou *tegulae*), senón en base a “*la aprehensión generalizada de valores culturais e ideolóxicos romanos*” (Rodríguez Fernández, 1994:154). Segundo esta hipótese, só un cambio na ideoloxía, representada pola relixión, sería capaz de producir un cambio xeral, un cambio cultural, e por ende, unha transformación na forma de concibir e ordenar conceptualmente a paisaxe.

Desta forma, enlazando coa teoría de romanización tardía defendida por Ferreira de Almeida para o Noroeste, e segundo a cal, este proceso non sería realmente efectivo nin sequera para a zona de Braga ata a difusión do cristianismo (Almeida, 1993), considera a probabilidade de que fose este o factor que determinase o cambio fundamental e xeral ao que se refire. Este, viría marcado polo paso do paganismo céltico ao cristianismo e á latinidade, determinaría o final do modelo de poboamento antigo, baseado nos castros, e a xeneralización en torno ao século V dos novos asentamentos abertos chamados *villae* o *vici*.

Dentro dos autores que defenden a existencia de continuidades neste momento, tamén é necesario destacar as achegas realizadas por Marco V. García Quintela para o ámbito da organización social e política dos galaico-lusitanos (García Quintela, 2002, 2007). Este autor, baseándose na visión dunha sociedade galai-colusitana complexa e xeraquizada en torno á figura de “príncipes” e “aristócratas” vinculados coa tradición céltica, defende a idea da permanencia ou continuidade de determinadas estruturas político-sociais baixo dominio romano, reflectidas na presenza de “*princeps*” indíxenas e na existencia de procesos de sinecismo (García Quintela, 2002:43-7, 2007: 342-45). Estas “institucións” serían ademais útiles para o exercicio do dominio romano.

Por tanto, segundo este autor, queda patente a existencia de continuidades ou pervivencias no plano político-social das comunidades da Idade do Ferro, agora integradas no Imperio romano, pero á súa vez, tamén os cambios introducidos por Roma, pois estas pervivencias deben ser sancionadas polo poder Imperial.

Outro dos autores que remarcan a existencia de continuidades no seo dos cambios introducidos trala conquista do noroeste por Roma, tanto no plano social como no poboamento, vai a ser César Parcero Oubiña (Parcero Oubiña, 2000; 2002: 231-43; 2007: 242-58).

No ámbito social, e vinculado coas teorías propostas por García Quintela en canto á perduración de determinadas estruturas indíxenas como os denominados “príncipes” (García Quintela, 2002, 2007), este autor defende a reinterpretación romana das aristocracias indíxenas, de tal forma que, para a submisión das

poboacións conquistadas, que consistiría basicamente no pago do tributo, Roma aproveitaría as relacións de poder preexistentes, pero agora axustadas en función dos seus intereses. Segundo isto, ao marxe da presenza romana activa e forte nas zonas mineiras, no “*resto del territorio habría sido suficiente con asegurar la recaudación regular del tributo exigido, y para ello no era preciso movilizar grandes contingentes de burócratas y militares romanos. Bastaba con hacer participes del sistema a determinados individuos o grupos locales, en los que delegar las tareas de control social y recaudación de tributo a cambio de sostener su posición privilegiada en el plano real y en el ideológico*” (Parceró Oubiña, 2002: 239). Deste xeito, as “aristocracias” indíxenas beneficiaríanse da situación de interlocutores entre o Imperio e o conxunto da súa comunidade.

En canto ao poboamento, defende una dobre continuidade. Por un lado, resalta a pervivencia na ocupación de moitos castros trala conquista romana. Isto derivaría do feito de que, á marxe de determinadas transformacións ou cambios nas formas dos castros, como a reestruturación interna, as ampliacións ou as reducións de tamaño, trala conquista do noroeste por Roma, un compoñente importante e principal da poboación continuaría aínda vivindo en asentamentos fortificados, polo menos, durante a maior parte do s. I d.n.e. (Parceró Oubiña *et al*, 2007:242-258). Por outro lado, nega que a incorporación ao imperio romano supuxese a aparición dun novo modelo de paisaxe. Segundo el, non parece detectarse ningunha modificación substancial do patrón de ocupación do medio trala conquista romana (Parceró Oubiña, 2000, 2007). Un exemplo disto témolo no feito de que, mentres que recoñece a existencia de tres fases dentro da secuencia da “*Idade do Ferro*” do noroeste, o Ferro I, o Ferro II e a fase Indíxeno-Romana, non obstante, as súas análises tan só lle permitiron distinguir dous modelos de ocupación na súa zona de estudo, o correspondente ao Ferro I, e o que engloba os dous seguintes momentos, é dicir, o Ferro II e a época indíxeno-romana (Parceró Oubiña, 2000).

Non obstante, isto non significa a negación por parte deste autor de calquera relevancia do efecto da conquista e do dominio romano do noroeste, senón que en palabras súas: “*unica-*

mente significa que no aparece un nuevo modelo de paisaje” (Parceró Oubiña, 2000: 89).

Para entender completamente as achegas de Parceró para o ámbito da continuidade no modelo de ocupación do espazo, é necesario que expliquemos a que se refire este autor ao defender que trala conquista romana do noroeste peninsular non xurdiu un novo modelo de paisaxe. Para isto, debemos remitirnos á obra de Felipe Criado Boado, quen constata a existencia, ou mellor dito, a aparición dunha paisaxe que denomina cóncava dende a Segunda Idade do Ferro (Criado Boado, 1993b: 43-58)

Este autor identificou a sucesión de determinados modelos de paisaxe socioeconómica, correspondentes á súa vez con diferentes períodos da historia do home. Todo este proceso, estaría marcado polo paso dunha paisaxe prehistórica que pivotaría en torno ás terras altas e serrarías, a unha paisaxe cóncava, campesiña, que xira en torno aos vales e ás terras baixas, e que será denominada como tradicional. Segundo Criado Boado, a “*concavidade*” da paisaxe foise obtendo ao longo de dous mil anos, e tivo a súa orixe na Segunda Idade do Ferro (Criado Boado, 1993b).

Entón, Parceró identifica unha gran continuidade na ocupación dos castros trala conquista romana. Esta perduración, na liña marcada polas ideas derivadas de Criado Boado sobre a formación da paisaxe tradicional (Criado Boado, 1993b), viría marcada, ademais de pola conservación da propia localización e emprazamento do castro, pola continuación das formas de explotación do medio xa vixentes desde a segunda Idade do Ferro (Parceró Oubiña, 2000: 241). En base a esta argumentación, será posible entender a habitual coincidencia na localización dos castros e asentamentos abertos posteriores (*villae*, aldeas...), situados aos seus pés ou nas súas inmediacións.

Ata aquí as principais achegas que defenden a existencia de “*permanencias*” e continuidades tanto no plano social como no poboamento. Aclarado este aspecto, imos facer agora un repaso polas que se opoñen á anteriormente citada visión “*catastrofista*” da etapa baixoimperial romana.

Ferreira de Almeida móstrase totalmente contrario a aceptar a idea dun período baixorromano convulso, cheo de rupturas e cortes res-

pecto á fase anterior: *“Não se confirma, nem arqueologicamente, nem pela organização da sociedade de então, qualquer interrupção catastrófica causada pela chegada dos suevos. A ocupação dos antigos castros e a construção das muralhas das cidades começara muito antes, assim como a regionalização dos territórios”* (Almeida, 1993:198). Por outra parte, á vez que nega a existencia de rupturas radicais, é consciente de que neste momento se producirían cambios importantes: *“com a instalação dos suevos, houve, com certeza, novos problemas e situações mais gravosas mas não haverá motivos para se falar em catástrofe. Nada indica a existência de convulsões sociais ou de interrupções económicas”* (Almeida, 1993:198).

Fronte á estendida idea de que as invasións xermánicas supuxeron a causa principal da fin do Imperio Romano de Occidente, Pablo C. Díaz recorda a “irrealidade” desta visión, pois a fin política do imperio romano non sería máis que un feito puntual dentro dun longo proceso de decadencia das estruturas organizativas do Imperio. Unha mostra disto sería a inexistencia de oposición militar que impidise o acceso dos “xermanos” (Díaz, 1993: 211-2, 2011). Por outra parte, tamén se mostra contrario a promover unha imaxe rupturista da presenza xermana na Tardoantigüidade galaica: *“si la germanización es entendida en el sentido de alteración de las estructuras económicas y sociales, incluso políticas, de la sociedad preexistente en la Gallaecia romana, es indudable que su alcance fue muy limitado. Incapaces de sustituir una administración política, intentaron aprovechar sus esquemas e imitaron sus modelos áulicos”* (Díaz Martínez, 1993: 219).

A visión que este autor defende do período tardoantigo é fundamental, non só por resaltar a inexistencia de “rupturas traumáticas” neste momento, senón que, en canto ao asunto da posible permanencia e continuidade dos castros en época tardía, Díaz resalta que *“la persistencia de los castros como forma habitacional, incluso su revitalización y reocupación, no debe valorarse como una mera respuesta a la presión bárbara, sino como parte de esa recuperación, o al menos, continuidad, de las estructuras prerromanas”* (Díaz Martínez, 1993: 219).

Se a realidade que aflora en *Gallaecia* nos séculos VI-VII non permite achacar segundo Díaz aos suevos ningún tipo de ruptura ou interrupción, este autor matiza a súa vez, ao igual que fai Ferreira de Almeida (Almeida, 1993: 191-200), que a noción de continuidade non implica nin inmovilismo, nin a ausencia de cambios socio-económicos (Díaz Martínez, 1993: 219).

Máis recentemente, outra das figuras que se opoñen á idea tradicional da existencia dunha profunda crise económica é José Carlos Sánchez Pardo (Sánchez Pardo, 2008). Fronte á “tradicional” visión de crise do período tardoantigo vinculada ca fin do Imperio, este autor propón para a *Gallaecia* un momento de marcado dinamismo económico. Esta realidade sería observable a través dos indicios materiais da época, especialmente aqueles relacionados co comercio, xa que segundo el, *“el Noroeste vive, entre los siglos III y IV, una época de especial auge económico, con una importante intensificación del comercio marítimo atlántico y de las comunicaciones, tanto internas entre las comunidades de Gallaecia, como hacia el exterior de esta nueva provincia”* (Grande Rodríguez, 2008: 403). Engade que o motivo de que a crise non afectase ao Noroeste debemos relacionalo con seu carácter especialmente agrario e rural (Sánchez Pardo, 2008: 403).

Por outra parte, ademais de defender a escasa influencia da presenza sueva na Galicia tardoantiga, considera que tampouco a integración no reino visigodo de Toledo parece ter afectado ás estruturas de organización galaicas: *“concretamente en la ordenación territorial no encontramos ningún cambio ni a escala general ni local debido al poder o presencia germánica, que simplemente se adapta a unas estructuras precedentes que cambian paulatinamente, pero no por causa de invasiones o nuevos señores, sino por un contexto socio-económico diverso”* (Sánchez Pardo, 2008: 432).

Ao conxunto das argumentacións anteriores que tenden a minimizar o impacto da presenza xermana no Noroeste, debemos engadir toda unha serie de indicios paleoambientais e arquitectónicos, tales como un aumento na acidificación e erosión do solo (Martínez Cor-

tizas, 2009), a construción de elementos que conforman unha paisaxe agraria monumentalizada (Ballesteros Arias *et al.*, 2006; Ballesteros Arias, 2010), ou a transformación e reelaboración de edificios tanto da Idade do Ferro, como por exemplo o forno de Santa Mariña de Augas Santas, como romanos, caso de Santa Eulalia de Bóveda, en clave cristiá durante a Alta Idade Media (Blaco-Rotea *et al.* 2009), que nos estarían a revelar a existencia dunha época moi activa no Noroeste peninsular entre os séculos V e X.

En síntese, son moitos os autores que, fronte á idea da existencia de profundas rupturas producidas coa incorporación do Noroeste ao ámbito romano ou xermánico, defenden a necesidade dunha revisión destas teorías, destacando a continuidade das estruturas socioeconómicas precedentes, sen esquecer, que toda dinámica social leva implícitos unha serie de cambios.

RUPTURA VERSUS CONTINUIDADE: O POBOAMENTO CASTREXO DA TERRA DE LEMOS

Centrándonos agora no ámbito concreto do poboamento, tal e como apuntamos con anterioridade, resultan moi significativas as importantes diferenzas defendidas polos diversos autores sobre o proceso de abandono dos castros e sobre a existencia de continuidades ou rupturas, que incluso chegan a ser totalmente contraditorias para unha mesma área local, como ocorre por exemplo na zona da Terra de Lemos con Ayán Vila (2005a, 2005b, 2007) e Grande Rodríguez (2007, 2008, 2009).

Para resaltar a xa mencionada polaridade das posturas, comentaremos brevemente a continuación as propostas que estes dous autores realizaron para a zona da Terra de Lemos.

Grande Rodríguez defende a existencia dunha gran diversidade socioeconómica durante a Idade do Ferro no Noroeste, na que o interior, presentaría un gran ruralismo, menor desenvolvemento económico e unha complexidade social moi matizada característica de modelos segmentarios. Segundo el, debido a unha acusada autarquía económica e político-social, non sería posible atopar lugares centrais ou redes de poboamento (Delgado Borrajo, Grande Rodríguez, 2009).

A visión que nos ofrece este autor das comunidades da “*Idade do Ferro*” da Terra de Lemos é polo tanto a dunha realidade sen xerarquizacións, nin sociais, nin territoriais (Grande Rodríguez, 2007,2008,2009). Fronte a isto, a chegada de Roma suporía unha catarse e un impacto cultural en todos os aspectos (Grande Rodríguez, 2007:123-24). Socialmente as rupturas virán marcadas pola substitución dunha sociedade non estratificada e segmentaria por unha de clases e xerarquizada en base a xefaturas. Territorialmente implicarán a aparición dun novo modelo de poboamento, xerarquizado e complexo, no que agora si aparecerán lugares centrais.

Fronte a esta idea, Xurxo Ayán Vila defende, en base a una escasa “romanización” da zona interior e oriental da *Gallaecia*, a existencia dunha importante continuidade na ocupación dos castros. De feito, segundo este autor, os asentamentos castrexos continuarán sendo utilizados como lugares de habitación principais durante o proceso de configuración da sociedade galaicoromana. Pero a continuidade dos castros nesta zona, será aínda maior segundo el, xa que ao longo de toda a Idade Media, xurdirán asentamentos abertos enriba ou aos pés dos castros, sen mencionar ademais a sanción simbólica destes lugares “pagáns” que a Igrexa realizará mediante a construción na súa cima de capelas. Estas ideas quedan reflectidas nas propias palabras del Ayán Vila, ao expresar de forma clara que “*el castro sigue siendo el modelo de asentamiento principal dentro de la Gallaecia a lo largo de su historia, ya que, a inicios de época altomedieval, la gran mayoría de la población habitase el asentamiento típicamente indígena de la época prerromana*” (Ayán Vila, 2007: 491).

Polo tanto, vemos como incluso para un ámbito local, tan reducido como o formado pola Terra de Lemos, as interpretacións organizáronse en torno a dúas posturas presentadas como contradictorias.

UNHA “NOVA” PROPOSTA DE CONTINUIDADE.

Todo este debate lévanos agora a reflexionar sobre un aspecto fundamental, que non é outro que a necesidade de repensar a cuestión sobre a polaridade entre as ideas de cambio e continuidade, ou ben entre as de ruptura e continui-

dade, e ver se realmente son termos excluíntes e contraditorios, e por suposto, sobre que entendemos nós ao referirnos a cambio e que a continuidade. Deste xeito, intentaremos botar luz sobre un tema situado nun quella sen saída os últimos anos, e sopesaremos mediante as nosas reflexións se é posible superar este antagonismo.

Desde un punto de vista xeral, o concepto de “ruptura” fai referencia a un corte, a un momento preciso no que se produce unha transformación brusca, que rompe co pasado, e tras a que o resultado xerado nada ten que ver coa situación anterior. Non obstante, o concepto de “continuidade” refírese a un proceso polo cal as cousas van mudando de forma continua ao longo do tempo. Deste xeito, a idea de “cambio” queda integrada na de “continuidade”, mentres que a de “ruptura” supón o verdadeiro antagonismo das outras dúas. Segundo isto, ao analizar os procesos de transformación histórica, observamos como *“los cambios nunca son, sino que están siendo permanentemente, pese a que nosotros construyamos un discurso histórico a partir de la contraposición de situaciones aparentemente contradictorias”* (Parcerou Oubiña *et al*, 2007:183).

Este enfoque que propoñemos está directamente vinculado co propio concepto de proceso histórico, entendido este como unha constante sucesión de cambios, formado por múltiples dinámicas temporais con diversas lonxitudes. Por tanto, si atendemos á variedade das opcións, poderemos entender que todo proceso leva implícitos á súa vez cambios e continuidades.

A partir destas consideracións, é posible defender unha visión de continuidade que integre os cambios que se producen no devir histórico. Podemos concluír entón que a oposición correcta debemos establecela entre os conceptos de ruptura e continuidade. A diferenza do primeiro, cambio e continuidade non son antagonistas, xa que a continuidade pode producirse a pesar, ou máis ben, a través dos cambios (Sánchez Pardo, 2008: 30), mentres que o concepto de ruptura supón unha transformación brusca que racha co pasado, o que a opón a ambos os dous conceptos anteriores.

Centrándonos xa nas ideas de “continuidade” e “ruptura” entendidas agora dende o punto de

vista do poboamento, debemos resaltar en primeiro lugar que, toda paisaxe é un construído social inseparable dos procesos humanos e históricos que o motivaron. Esta idea aparece perfectamente reflectida nas verbas de Sastre Prats ao resaltar que *“el paisaje es una plasmación de lo social en lo territorial”* (Sastre Prats, 1999: 345). En base a isto, pretendemos conxugar e interrelacionar as nosas reflexións sobre as ideas de “continuidade” e “ruptura” tanto para un ámbito xeral como acoutadas para o poboamento.

En primeiro lugar, cabe preguntarse que entendemos nós por “continuidade do poboamento”. Seguindo as explicacións de Sánchez Pardo, pódese falar de dous ámbitos interrelacionados dentro do concepto de continuidade no poboamento, o espacial, e o temporal (Sánchez Pardo, 2008: 303-5). O primeiro, supón a continuidade física de ocupación, e o segundo, a temporal. O problema reside en que non sempre é doado relacionar a súa presenza e rastrexar posibles “rupturas”, xa que por exemplo, para algunhas zonas como o val de Sarria e a Terra de Lemos, carecemos dun amplo número de escavacións que nos proporcionen datos arqueolóxicos que constaten ou non a continuidade temporal de habitación de moitos castros que, non obstante, logo posúen aldeas na súa cima ou aos seus pés. Así mesmo, tampouco contamos con informacións que nos fagan pensar nunha ruptura no poboamento tras a conquista romana deste territorio. Polo tanto, necesitamos propoñer unha definición máis ampla, que integre outros aspectos como a continuidade nas formas, caso dos denominados “castros agrícolas” pola historiografía tradicional portuguesa, ou no emprazamento, relacionada coa concepción da paisaxe cóncava de Criado Boado.

En base ao anterior, é dicir, integrando a continuidade na forma e no emprazamento, si é posible intuír a enorme continuidade de moitos dos castros, que si ben, debido á falta de escavacións non é posible rastrexar unha permanencia temporal, si podemos observar como o seu modelo é reinterpretado durante a presenza romana no noroeste, e incluso, entender que o seu patrón de implantación na paisaxe continúa vixente en moitos casos ata o século XX, mediante a localización de aldeas tradicionais na súa cima ou aos seus pés.

Para rematar con este apartado temos que destacar a necesidade de achegarse ao estudo dos “cambios”, das “continuidades”, e das “rupturas” producidas ao longo deste enorme arco temporal que estamos a estudar, entendidas tanto dende un punto de vista xeral como específico do poboamento, dende unha perspectiva ampla e diacrónica. Diacrónica, debido á necesidade de empregar unha metodoloxía de estudo capaz de interrelacionar os cambios que se producen constante e continuamente ao longo do devir histórico. É ampla, no sentido de abarcar un extenso arco cronolóxico, para deste xeito poder constatar a existencia de continuidades máis alá dos cambios aparecidos en momentos puntuais (Grande Rodríguez, 2008: 38-39).

O PROTAGONISMO DAS “COMUNIDADES DO FERRO”.

Se ao falar de continuidade tanto dende un punto de vista xeral, como específico para o poboamento, non nos estamos a referir a unha fosilización no tempo, senón a unha realidade dinámica, é necesario e fundamental reflexionar sobre que características se manteñen ao longo do propio proceso de cambio implícito na evolución das sociedades da Idade do Ferro do noroeste, cales son as que mudan, e cales os factores que o motivan, obstaculizan, etc. Estas ideas aparecen entón estreitamente vinculadas co papel adxudicado polos investigadores ás comunidades da Idade do Ferro.

Como destacamos noutra parte deste artigo, as diferenzas na interpretación sobre os conceptos de “continuidade” e “cambio” proveñen das premisas asociadas á perspectiva histórica adoptada por uns e outros. Neste sentido, a postura rupturista e “romanista” sempre concedeu un importante protagonismo aos intereses e decisións romanas. Esta realidade, sendo moi certa, resulta problemática, pois tende a conceder un rol pasivo e sen vontade ás comunidades locais, o que leva a non reflexionar acerca de como estas responderon e a como entenderon o seu proceso de integración no Imperio Romano. Coincido completamente con González Ruibal cando argumenta que: *“parece que la pauta, dentro de la evolución del mundo indígena del noroeste, la marcó lo romano, cuando, en realidad, el proceso debería ser, en mi opinión, el inverso, pues eran*

las poblaciones indígenas las que introducían en su modo de vida prácticas y modos ajenos a ellas” (González Ruibal 2007: 118).

Fronte á anterior visión, os investigadores que defenden a existencia de continuidades dentro dos importantes cambios aos que asistimos neste momento, optan por reclamar o protagonismo das sociedades protohistóricas ao longo do proceso que estamos a estudar.

O concepto de continuidade que nós propoñemos, tanto para o ámbito xeral como específico para o poboamento, supón entón, ademais da procura dunha “renovación teórica” que supere o devandito debate sobre a existencia ou non de continuidades, “oxidado” como vimos en torno a dúas posturas case que antagónicas, un intento de reorientación da visión do proceso de integración das sociedades da Idade do Ferro do Noroeste no Imperio Romano, cara posturas postcoloniais, que ademais de considerar o cambio como un proceso motivado e xerado pola presenza Romana, se centran no estudo da propia axencia das poboacións indíxenas, verdadeiras protagonistas de todo este proceso.

É neste contexto no que a idea de hibridación cultural cobra forza (Van Dommelen, 2000). É dicir, nos procesos de contacto continuado entre formas sociais e culturais diferenciadas, chega a crearse unha realidade social e cultural nova, con diversos compoñentes tomados do pasado e da nova sociedade dominante, pero cuxa simbiose crea novas realidades, diferentes e orixinais, que van máis alá da oposición entre dominantes e dominados, caso por exemplo da cultura Reggae xamaicana.

Esta idea de hibridación, vencellada á existencia de continuidades, tanto de carácter xeral como no poboamento, supón unha testemuña directa da implicación activa dos grupos locais que reivindicamos, capaces de seleccionar así os elementos da súa cultura que desexan conservar, e os da nova que aceptan integrar. Non obstante, todo este proceso debemos entendelo nun contexto onde as negociacións culturais son sancionadas e toleradas polo poder romano, mentres que estas non afecten ao *statu quo* do dominio imperial.

Un exemplo podería ser o panorama relixioso que xorde trala conquista. Neste sentido, parece rastrexarse a existencia dunha relixión

anterior que nos ámbitos rurais permanece con gran solidez. A isto teríamos que engadir que as divindades romanas que máis se difundiron, exceptuando a Xúpiter, foran os Lares, cuxo carácter privado e alleo á relixión pública parece indicar a evidencia dun importante proceso de asimilación selectiva por parte das comunidades indíxenas (Olivares Pedreño, 2006)

Polo tanto, tomando agora como exemplo o ámbito da relixión, é posible afirmar, por un lado, a existencia de claras continuidades con períodos anteriores reflectidas na persistencia de cultos indíxenas, e polo outro, a importancia dun proceso de filtrado cultural, para os que o resultado supón unha clara evidencia de hibridación e sincretismo relixioso.

En síntese, consideramos que si é posible superar a dualidade do debate polarizado en torno ás ideas de ruptura e continuidade. Para iso debemos integrar o concepto de continuidade no de cambio, e a reflexión en canto ao esquecido papel que xogaron as comunidades locais da Idade do Ferro galaica.

CONCLUSIÓNS

De todo o exposto nos epígrafes anteriores, debemos quedarnos coa idea de que o proceso histórico que desembocou no abandono dos castros, foi interpretado dende dúas posturas opostas, e que, aínda que con algúns matices entre os diferentes autores, oscilan en torno ao binomio de continuidade e ruptura. Deste xeito, mentres que uns defenden a existencia de rápidas e profundas rupturas vencelladas a presenza e ao dominio romano e xermánico do Noroeste, outros non obstante, sinalan as continuidades que se producirían neste amplo período cronolóxico.

Paralelamente, puidemos comprobar como as diferentes interpretacións responderon a súa vez a dúas perspectivas históricas claramente diverxentes. Por un lado, unha postura rupturista e “romanista” que concedeu un importante protagonismo aos intereses e as decisións romanas, e polo outro, unha serie de autores que reclaman o papel das sociedades protohistóricas galaicas como axentes activos da historia.

Xa para rematar, consideramos necesario e fundamental, tanto para superar o tradicional

debate ao que nos referimos, como para comprender o proceso de abandono dos castros, a reflexión sobre a idea de “continuidade”, e a necesidade de achegar esta a noción de “cambio”, entendida a primeira, non como unha mera fosilización no tempo, senón como unha realidade dinámica, e a segunda, non como unha ruptura, senón como unha transformación progresiva. Deste xeito, as comunidades locais da idade do ferro do Noroeste recobran un protagonismo que moitas veces foi esquecido polos investigadores, pero que necesitaba ser sancionado polo poder romano.

BIBLIOGRAFÍA

AYÁN VILA, X. M. (2005a): “Os castros despois dos castros: Un espazo simbólico na paisaxe rural tradicional galega”. *Encontros coa Etnografía*. Noia, pp. 63-136.

AYÁN VILA, X. M. (2005b): “Etnoarqueoloxía e microhistoria dunha paisaxe cultural: A parroquia de San Pedro de Cereixa (Pobra de Brollón, Lugo). Cuadernos de Estudios Gallegos, T. II, Santiago de Compostela, pp. 117-172.

ALMEIDA, C. A. FERREIRA (1993): “Arqueoloxía tardorromana e germánica no NW peninsular”. *Galicia: da Romanidade á Xermanización. Problemas históricos e culturais*. pp. 191-200.

ARZIAGA CASTRO, P.; AYÁN VILA X.M. (2007): “Etnoarqueoloxía del paisaje castreño: La segunda vida de los castros”. *Los pueblos de la Galicia Céltica*. Madrid. pp. 445-544.

BALLESTEROS ARIAS, P., CRIADO BOADO, A.; ANDRADE CERNADAS, J. M. (2006): “Formas y fechas de un paisaje agrario de época medieval: A Cidade da Cultura en Santiago de Compostela”. *Arqueología Espacial*, Nº 26, pp. 193-225.

BALLESTEROS ARIAS, P. (2010): “La arqueología rural y la construcción de un paisaje agrario medieval: el caso de Galicia”. *Por una arqueología agraria. Perspectivas de investigación sobre espacios de cultivo en las sociedades medievales hispánicas*. pp. 25-39.

BLACO-ROTEA, R.; BENAVIDES GARCÍA, R.; SANJURJO SÁNCHEZ, J.; FERNÁNDEZ MOSQUERA, D. (2009): “Evolución constructiva de Santa Eulalia de Bóveda

(Lugo, Galicia). *Arqueología de la arquitectura*, 6, pp. 149-198.

BLANCO-ROTEA, R.; GARCÍA-RODRÍGUEZ, S.; MAÑANA-BORRAZÁS, P., MATO-FRESÁN, C.; RODRÍGUEZ-COSTAS, A (2009): “Levantamento volumétrico e lectura de alzados do conxunto da igrexa da Ascensión e forno de Santa Mariña, Augas Santas, Allariz (Ourense)”. *Actuacións Arqueolóxicas. Ano 2007*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

CALO LOURIDO, F. (1993): *A Cultura Castrexa*. Vigo.

CARROCERA FERNÁNDEZ, E. (1996): “O fin da cultura dos castros”. *A Cultura castrexa a debate*. Tui, pp. 207-222.

CRIADO BOADO, F. (1993a): “Espacio monumental y paisajes prehistóricos en Galicia”. *Concepcións espaciais e estratexias territoriais na historia da Galicia*. Asociación Galega de Historiadores, pp. 23-54.

CRIADO BOADO, F. (1993b): “A paisaxe rural galega e a súa xenealoxía arqueolóxica”. *Actas do I simposium de estudos galegos*; pp. 43-58.

DE LA PEÑA SANTOS, A. (1997): “Os pobos castrexos antes da conquista romana”. *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego*. Vol.1, pp. 143-192.

DE LA PEÑA SANTOS, A; VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1996): “Aspectos de la génesis y ala evolución de la cultura castrexa de Galicia”. *Complutum*, Nº Extra 6, 1, pp. 255-262.

DELGADO BORRAJO, M.; GRANDE RODRÍGUEZ, M. (2008): “Os Lemavi a través das fontes literarias e epigráficas”. *MINIUS XVI*, pp. 133-163.

DELGADO BORRAJO, M.; GRANDE RODRÍGUEZ, M. (2009): “La Gallaecia antigua: diversidad, paisaje rural, estructura social y poblamiento”. *Herakleion*, 2, pp. 61-92.

DÍAZ MARTÍNEZ, P. C. (1993): “El alcance de la ocupación sueva de Gallaecia y el problema de la germanización”. *Galicia: da Romanidade á Xermanización. Problemas históricos e culturais*. pp. 209-226.

DÍAZ MARTÍNEZ, P.C. (2011): *El reino suevo. 411-585*. Madrid.

GARCÍA QUINTELA, M. V. (2002): “La organización socio-política de los *populi* del Noroeste de la Península Ibérica. un estudio de antropología histórica comparada”. *Trabajos de Arqueoloxía e Patrimonio (TAPA)*, 28, Santiago de Compostela.

GARCÍA QUINTELA, M. V. (2007): “La organización social y política de los Galaico-Lusitanos”. *Los pueblos de la Galicia céltica*. pp. 323-375.

GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2006-2007): *Poder y comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica (1200 a.C.- 59 d.C.)*. Brigantium. Tomo I e II.

GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2008): “Cultura Castrexa. O estado da investigación en Galicia”. *A Cultura Castrexa: Accións e estratexias para o seu aproveitamento socio-cultural. Actas do Seminario Final Castrenor* (Mondariz Balneario, 22 e 23 de xuño de 2006). Santiago, Xunta de Galicia. pp 13-30.

GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2007): “La vida social de los objetos castreños”. *Los pueblos de la Galicia céltica*. pp. 259-322.

GRANDE RODRÍGUEZ, M. (2007): “Aproximación a romanización da Terra de Lemos”. *Minus XV*, pp. 117-135.

GRANDE RODRÍGUEZ, M. (2008): “Los castros de la Gallaecia interior. Arqueología, poblamiento y sociedad”. *Herakleion*, 1, pp. 85-119.

GRANDE RODRÍGUEZ, M. (2009): “El poblamiento romano en la Galicia Oriental: patrones y diferencias del sur lucense y el norte ourensano. La tierra de Lemos como paradigma”. *Aqua Flaviae*, Nº 41, pp. 333-352.

GUTIÉRREZ GONZÁLEZ, J. A. (2008): “Las *villae* y la génesis del poblamiento medieval”. *Las villae tardorromanas en el occidente del Imperio: arquitectura y función*. Gijón. pp. 215-238.

MARTÍNEZ CORTIZAS, A; KAAL, J.; COSTA CASAS, M.; CHESWORTH, W (2009): “Human activities and holocene environment change in NW Spain”. *V Simposio sobre control de la degradación de los suelos y cambio global*. pp. 193-208.

- LÓPEZ QUIROGA, J.; RODRÍGUEZ LOVELLE, M. (1999-2000): “Un modelo de evolución del poblamiento rural en la Galicia interior (s. V-X): El territorio en torno a la depresión de Sarria y al monasterio de Samos”. *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, Nº 9, pp. 173-186.
- OLIVARES PEDREÑO, J.C. (2006): “Cultos romanos e indigenismo: elementos para el análisis del proceso de romanización religiosa en la hispania céltica”. *LVCENTVM*, XXV. pp. 139-157
- PALLARES MÉNDEZ, M.C.; PORTELA SILVA, E. (1981): “Edad Media”. *Historia de Galicia*, Madrid, pp.61-140.
- PARCERO OUBIÑA, C. (2000): “Tres para dos. Las formas de poblamiento en la Edad del Hierro del Noroeste Ibérico”. *Trabajos de Prehistoria*. pp. 75-95.
- PARCERO OUBIÑA, C. (2002): *La construcción del paisaje social en la Edad del Hierro del Noroeste Ibérico*. Ortigueira.
- PARCERO OUBIÑA, C; AYÁN VILA, X. M.; FÁBREGA ÁLVAREZ,P.; TEIRA BRIÓN, A. (2007): “Arqueología, Paisaje y sociedad”. *Los pueblos de la Galicia céltica*. pp. 131-258.
- PEREIRA MENAUT, G. (1997): “Un pobo e unha natio moi particulares”. *O feito diferencial galego*. pp. 237-249.
- RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, T. (1994): “El fin del mundo fortificado y la aparición de las «aldeas abiertas». La evidencia del Centro-Oriente de Lugo (Samos y Sarria)”. *Espacio, Tiempo y Forma*, 7, pp. 153-189.
- SÁNCHEZ-PALENCIA, F. J.; SASTRE, I.; CURRÁS, B.; ROMERO, D. (2009): “Minería romana en la cuenca meridional de los ríos Sil y Miño”. *Aqua Flaviae*, Nº 41, pp. 2009.
- SÁNCHEZ PARDO, J. C. (2008): *Territorio y poblamiento en Galicia entre la Antigüedad y la Plena Edad Media*. Tesis doctoral. Universidad de Santiago de Compostela, Departamento de Historia Medieval y Moderna.
- SASTRE PRATS, I. (1999): “Estructura de explotación social y organización del territorio en la civitas Zoelarum”. *Gerión*. 17, pp 345-359.
- WOOLF, G. (1992): “Imperialism, empire and the integration of the Roman economy”. *World Archaeology*, 23 (3), pp. 283-293.
- WOOLF, G. (1997): “Beyond Romans and natives”. *World Archaeology*, 28 (3), pp.339-350.
- WOOLF, G. (2002): “Generations of aristocracy. Continuities and discontinuities in the societies of Interior Gaul”. *Archaeological Dialogues*. 9 (1), pp. 2-15.